A partires deste momento, e segundo acta do órgano negociador de data 3 de outubro de 2016, iníciase a segunda fase da negociación comunicando ás empresas os datos obtidos na primeira fase do concurso, para que se o desexan poidan mellorar a súa proposta inicial, ou ben ratificarse. Os criterios a negociar son: a oferta económica e o prazo de execución da obra.

Neste caso concreto, a oferta económica máis baixa foi a presentada por Hordescon (3LR) por importe de 70.079,26 euros e a maior redución do prazo presentouna Oviga (7PM) que propuxo executar a obra en 20 días.

No período establecido para o efecto as empresas presentan as seguintes propostas:

| Empresa | Oferta económica | Redución de prazo |
|---|---|---|
| Hordescon,SL | 66.785,60 euros | Prazo de execución: 1 mes |
| SYR - AMG | 72.654,37 euros | Prazo de execución: 60 días naturais |
| Marconsa | 68.876,35 euros | Prazo de execución: 12 días naturais |
| F. Gómez y Cía | 68.478,74 euros | Prazo de execución: 16 días naturais |
| Concifa, SL | 56.509,02 euros | Prazo de execución:20 días naturais |
| Eulogio Viñal,SL | 58.325,39 euros | Prazo de execución: 12 días naturais |
| Oviga,SL | 64.420,00 euros | Ratifica a súa proposta inicial<br>Prazo de execución: 20 días naturais |

Na resolución da alcaldía do dia 5 de outubro, o órgano de contratación, á vista da acta presentada polo órgano negociador, clasifica as propostas obtidas no proceso e que a continuación se reflicten:

| CONTRATISTAS | A) PROGRAMA TRABAJO | B) PROGRAMA ACTUACION AMBIENTAL | C) PLAN CONTROL CALIDAD | D) PLAN DE SEGURIDAD Y SALUD | E) PORCENTAJE CONTROL CALIDAD %CI | E) PORCENTAJE CONTROL CALIDAD %CE | F) REDUCION PRAZO EXECUCION | G) OFERTA ECONOMICA | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBRAS Y VIALES DE GALICIA S.L. | 13,00 | 4,00 | 9,00 | 12,00 | 1,00 | 9,00 | 8,70 | 28,08 | **84,78** |
| CONCIFA S.L. | 9,00 | 4,00 | 7,00 | 9,00 | 0,10 | 3,00 | 8,70 | 40,00 | **80,80** |
| FRANCISCO GÓMEZ Y CIA S.L. | 13,00 | 6,00 | 9,00 | 12,00 | 0,50 | 9,00 | 9,35 | 21,22 | **80,07** |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCC. | 6,00 | 2,00 | 4,00 | 9,00 | 0,50 | 9,00 | 10,00 | 37,26 | **77,76** |
| HORDESCON S.L. | 9,00 | 2,00 | 7,00 | 9,00 | 0,40 | 6,00 | 6,88 | 24,15 | **64,43** |
| SYR- AMG OBRAS Y SERVICIOS | 13,00 | 6,00 | 9,00 | 9,00 | 1,00 | 9,00 | 1,00 | 13,98 | **61,98** |
| MARCONSA | 6,00 | 2,00 | 4,00 | 9,00 | 0,30 | 3,00 | 10,00 | 20,53 | **54,83** |

Nesta mesma resolución, acórdase requirirlle á empresa con maior puntuación que achegue a documentación sinalada na cláusula 16.2 do prego, no prazo máximo de 5 días hábiles.

Con data 6 de outubro envíase o requirimento á empresa Oviga, SL e con data 10 de outubro presenta correctamente a documentación solicitada.

Polo tanto, e tendo que adxudicar o contrato en 3 días hábiles, Resolvo:

1. Adxudicar o contrato da obra denominada, "Camiño de Ramil a área recreativa e outros " á empresa Oviga,SL por importe de 64.420,00 euros. A obra será executada no prazo de 20 días naturais.

3. Designar como técnico- director da obra ó redactor do proxecto Julio C. Rojo Martínez

4. Formalizar o contrato non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que reciban a notificación os licitadores.

5. Notificar esta resolución a tódolos licitadores e publicala na páxina web.

Boqueixón, 11 de outubro de 2016

O alcalde

Ovidio Rodeiro Tato

200

Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

**Servizo de Contratación**
**Expediente:** Camiño de Ponte Ledesma a igrexa de Oural e outros- PAS 2015
**Forma/ Proc:** Negociado sen publicidade – Urxente

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**Adxudicación do contrato da obra "Camiño de Ponte Ledesma a igrexa de Oural e outros" - PAS 2015**

Na Xunta de Goberno realizada o día 21 de xullo de 2016, acordouse iniciar os trámites para a contratación da obra financiada pola Deputación da Coruña e incluída no Plan PAS 2015 denominada: "Camiño de Ponteledesma a igrexa de Oural e outros" por importe de 67.115,00 euros

Por resolución da alcaldía ditada o día 16 de agosto, ábrense os sobres B e C das propostas presentadas polas seguintes empresas:

- Oviga, S L
- F. Gómez y Cia
- Concifa,SL
- Marconsa
- Hordescon,SL
- Eulogio Viñal
- SYR – AMG
- Martínez Montes e Hijos,SL

Dos sobres C transcríbense as ofertas presentadas polas empresas licitadoras obtendo os seguintes datos :

| Código empresa | Oferta presentada incluído o IVE |
|---|---|
| 1BC | 60.000,00 euros |
| 2AB | 64.450,00 euros |

| | |
|---|---|
| 3HF | 62.920,00 euros |
| 4SR | 61.745,80 euros |
| 5KM | 60.242,42 euros |
| 6LB | 58.517,57 euros |
| 7ZX | 61.410,22 euros |
| 8JL | 60.403,41 euros |

Despois de ser valoradas as referencias técnicas presentadas polas empresas participantes, polo enxeñeiro de camiños e membro do órgano negociador don Julio C. Rojo Martínez, obtéñense as seguintes puntuacións totais:

| Contratista | Programa Traballo | Programa Actuación Ambiental | Plan control de calidade | Plan de seguridade e saúde | Porcentaxe control de calidade | | Redución de prazos | Oferta económica | Total puntuación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | %CI | %CE | | | |
| 1BC | 13 | 4 | 9 | 12 | 1 | 9 | 9.22 | 22.47 | 79.69 |
| 2AB | 13 | 6 | 9 | 12 | 0.50 | 9 | 8.51 | 8.52 | 66.53 |
| 3HF | 13 | 4 | 9 | 12 | 0.50 | 9 | 1 | 13.41 | 61.91 |
| 4SR | 9 | 4 | 7 | 9 | 0.10 | 3 | 8.43 | 17.16 | 57.69 |
| 5KM | 6 | 2 | 4 | 9 | 0.20 | 3 | 10 | 21.75 | 61.95 |
| 6LB | 9 | 2 | 7 | 9 | 0.40 | 6 | 8.43 | 26.89 | 68.72 |
| 7ZX | 6 | 2 | 4 | 9 | 0.50 | 9 | 5.29 | 18.23 | 54.02 |
| 8JL | 13 | 6 | 9 | 9 | 1 | 9 | 1 | 21.27 | 69.27 |

Os códigos alfanuméricos utilizados para a negociación corresponden ás seguintes empresas:

1BC - Oviga, SL
2AB - F. Gómez y Cía, SL
3HF - Martínez Montes e Hijos, SL
4SR - Concifa, SL
5 KM - Marconsa
6 LB - Hordescon, SL
7ZX - Eulogio Viñal
8JL - SYR - AMG

A partires deste momento, e segundo acta do órgano negociador de data 3 de outubro de 2016, iníciase a segunda fase da negociación comunicando ás empresas os datos obtidos na primeira fase do concurso, para que se o desexan poidan mellorar a súa proposta inicial, ou ben ratificarse. Os criterios a negociar son: a oferta económica e o prazo de execución da obra.

Neste caso concreto, a oferta económica máis baixa fora presentada por Oviga ( 1BC) por importe de 60.000,00 euros e a maior redución do prazo presentouna Marconsa (5KM) que propuxo unha redución de 50 días sobre o prazo de execución.

No período establecido para o efecto as empresas presentan as seguintes propostas:

| Empresa | Oferta económica | Redución de prazo |
|---|---|---|
| Marconsa | 57.141,65 euros | Prazo de execución: 9 días naturais |
| F. Gómez y Cía | 54.721,04 euros | Prazo de execución: 10 días naturais |
| Oviga,SL | Ratifica a súa oferta inicial<br>60.000,00 euros | Ratifica a súa oferta inicial<br>20 días naturais |
| Martínez Montes, SL | 48.279,00 euros | Prazo execución: 21 días naturais |
| Concifa,SL | 45.638,20 euros | Prazo de execución: 10 días naturais |
| Hordescon, SL | 55.718,87 euros | Prazo de execución: 1 mes |
| SYR- AMG | 49.987,16 euros | Prazo de execución: 12 días naturais |
| Eulogio Viñal | 56.712,18 euros | Prazo de execución: 15 días naturais |

Na resolución da alcaldía do dia 5 de outubro, o órgano de contratación, á vista da acta presentada polo órgano negociador, clasifica as propostas obtidas no proceso e que a continuación se reflicten:

| CONTRATISTAS | A) PROGRAMA TRABAJO | B) PROGRAMA ACTUACION AMBIENTAL | C) PLAN CONTROL CALIDAD | D) PLAN DE SEGURIDAD Y SALUD | E) PORCENTAJE CONTROL CALIDAD %CI | E) PORCENTAJE CONTROL CALIDAD %CE | F) REDUCION PRAZO EXECUCION | G) OFERTA ECONOMICA | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| MARTINEZ MONTES E HIJOS S.L. | 13,00 | 4,00 | 9,00 | 12,00 | 0,50 | 9,00 | 7,19 | 35,56 | **90,25** |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| SYR- AMG OBRAS Y SERVICIOS | 13,00 | 6,00 | 9,00 | 9,00 | 1,00 | 9,00 | 9,13 | 32,69 | **88,82** |
| FRANCISCO GÓMEZ Y CIA S.L. | 13,00 | 6,00 | 9,00 | 12,00 | 0,50 | 9,00 | 9,71 | 24,39 | **83,60** |
| CONCIFA S.L. | 9,00 | 4,00 | 7,00 | 9,00 | 0,10 | 3,00 | 9,71 | 40,00 | **81,81** |
| OBRAS Y VIALES DE GALICIA S.L. | 13,00 | 4,00 | 9,00 | 12,00 | 1,00 | 9,00 | 7,35 | 14,00 | **69,35** |
| HORDESCON S.L. | 9,00 | 2,00 | 7,00 | 9,00 | 0,40 | 6,00 | 5,76 | 22,43 | **61,59** |
| MARCONSA | 6,00 | 2,00 | 4,00 | 9,00 | 0,20 | 9,00 | 10,00 | 19,63 | **59,83** |
| EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCC. | 6,00 | 2,00 | 4,00 | 9,00 | 0,50 | 9,00 | 8,25 | 20,47 | **59,22** |

Nesta mesma resolución, acórdase requirirlle á empresa con maior puntuación que achegue a documentación sinalada na cláusula 16.2 do prego, no prazo máximo de 5 días hábiles.

Con data 6 de outubro envíase o requirimento á empresa Martínez Montes e Hijos,SL e con data 11 de outubro presenta correctamente a documentación solicitada.

Polo tanto, e tendo que adxudicar o contrato en 3 días hábiles, Resolvo:

1. Adxudicar o contrato da obra denominada, "Camiño de Ponteledesma a igrexa de oural e outros " á empresa Martínez Montes, SL por importe de 48.279,00 euros. A obra será executada no prazo de 21 días naturais.

3. Designar como técnico- director da obra ó redactor do proxecto Julio C. Rojo Martínez

4. Formalizar o contrato non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que reciban a notificación os licitadores.

5. Notificar esta resolución a tódolos licitadores e publicala na páxina web.

Boqueixón, 11 de outubro de 2016

O alcalde

Ovidio Rodeiro Tato

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr.: correo@boqueixon.es
WEB: www.boqueixon.com

Resolución de alcaldía

Con data do 20 de xullo de 2016 saíu publicada Resolución da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, do programa Deseñando o teu futuro regulado pola *ORDE do 27 de marzo de 2015 pola que se establecen as bases do programa Deseñando o teu futuro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015, polo que s econcede o Concello de Boqueixón unha axuda económica 5.700 euros.*

Con data do 21 de xullo de 2016, o Concello de Boqueixón, comunica a aceptación da axuda concedida para o proxecto así como solicita o pagamento anticipado do gasto segundo o artigo 16.2 da Orde de convocatoria.

A partir de agosto comezaron a realizar as prácticas os mozos e mozas nas empresas de acollida, tal e como se indica na táboa que adxunta.

Para o desenvolvemento das estadías-visitas varios mozos participantes requeriron vestiario que compraron ós mozos persoalmente, presentando unha liquidación de gastos co correspondente xustificante de pago.

Por todo isto, RESOLVO:

1) Realizar o pago do gasto que acredita Manuel beneficiario que finalizarou as estadías-visitas na empresa de acollida Talleres Lestedo durante o período de estancia, tal e como segue na seguinte táboa:

| NOME E APELIDOS MOZO/A | NIF | NÚM CONTA BANCARIA | DATAS DE REALIZACIÓN DA ESTADÍA-VISITA | CONCEPTO | IMPORTE TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| Manuel | | | 08/08/2016 ó 29/08/2016 | Adquisición de zapatóns | 22,47€ |
| | | | | Total axuda | 22,47€ |

2) Comunicar este acordo ó departamento de contabilidade para que proceda a realizar o pago ó participante do programa.

En Boqueixón, o 18 de outubro de 2016

Ovidio Rodeiro Tato
O alcalde de Boqueixón

202

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – **Boqueixón**
Teléfono: **981- 51 30 61**
Fax: **981- 51 30 00**
C.I.F.: **P-1501200-H**
C. electr: **correo@boqueixon.dicoruna.es**

# DECRETO

Mediante decreto de alcaldía de data 21 de marzo de 2016, resolveuse solicitar á Axencia de Turismo de Galicia unha subvención en materia de accesibilidade e sinalización para o anteproxecto: "Mellora da accesibilidade e sinalización do Pico Sacro"; en base á convocatoria publicada no DOG nº 40 do 29 de febreiro de 2016, para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos para o apoio aos investimentos para uso público en infraestrutura recreativa, información turística e infraestrutura turística a pequeña escala, mediante o fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural.

Con data do 21 de marzo de 2016 esta entidade solicitou a pertinente autorización previa de obras á Deputación da Coruña para a instalación de 2 sinais de orientación-dirección do Pico Sacro na estrada CP1202. En resposta á cal se recibíu un Informe favorable da Deputación da Coruña para a execución da obra, non entanto, debendo formalizar a solicitude de autorización no impreso habilitado pola Deputación para este efecto e o pago da autoliquidación correspondente segundo as ordenanzas fiscais aprobadas pola Deputación.

Con data do 17 de agosto de 2016, recibíu nesta entidade a resolución provisional de concesión de subvención por parte da Axencia de Turismo de Galicia para a execución do proxecto.

Tendo en conta, por último que esta alcaldía delegou as competencias na Xunta de Goberno,

Polo tanto, RESOLVO:

1.- Avocar o coñecemento e resolución deste asunto, por motivos técnicos.
2.- Solicitar a pertinente autorización no impreso habilitado pola Deputación para este efecto, para a instalación de dúas sinais de orientación- dirección do Pico Sacro na estrada CP1202.
3.- Realizar o pago da autoliquidación correspondente segundo as ordenanzas fiscais aprobadas pola Deputación que supón un custo de 24 €.
4.- Comunicar esta resolución á Deputación da Coruña.

Boqueixón, 20 de outubro de 2016
O alcalde

Ovidio Rodeiro Tato

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr: correo@boqueixon.dicoruna.es

MODIFICACIÓN DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA FINANCIAR A PRÓRROGA DA CONTRATACIÓN DE 1 AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL.

No DOG. Núm. 158 do 23 de agosto de 2016, foi publicada a ORDE do 5 de agosto de 2016 pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2016.

Na Xunta de Goberno de data 1 de setembro de 2016, en base á citada convocatoria acordouse a aprobar a prórroga da contratación de 1 axente de emprego e desenvolvemento local (AEDL) polo período dun ano, así como a solicitude de subvención para cubrir o 25% do custo salarial incluída a cotización á seguridade social.
O cálculo da subvención que se solicita fixouse en función das táboas salariais dos laborais temporais recollidas no presuposto xeral municipal para o ano 2016, e conforme este, o salario que se aboaría á traballadora é, importe mensual, o da seguinte táboa:

| Apelidos e nome AEDL | Titulación académica | Salario bruto mensual | G.C | CNA ocupación | Cotización Empresarial á SS. | Total salario+S.S mensual | Custo bruto anual | Subv. solicitada |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Ferreiro Sanín Mª Cruz | Psicoloxía clínica | 1.450,75 € | 1 | A | 465,69 € | 1.916,44 € | 25.898,78€ | 6.474,70 € |

Con data do 13 de outubro de 2016, recíbese da Consellería de Economía, Emprego e Industría, referente a este procedemento, un requerimento de documentación e corrección de erros numéricos en dita táboa que modificarán á súa vez a cantidade económica solicitada á Consellería e a aportada polo Concello de Boqueixón, dando un prazo de dez días para a emenda.

Tendo en conta, por último que esta alcaldía delegou as competencias na Xunta de Goberno,

Por todo o exposto, RESOLVO:

1 Avocar o coñecemento e resolución deste asunto, por motivos técnicos.
2 Atendendo ás modificacións económicas realizadas, solicitar á Consellería de Economía, Emprego e Industria unha subvención de 5.749,32 euros para un gasto total de 22.997,28 euros para a prórroga de dita contratación.
3 Dispór da financiación para costear a parte non subvencionada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria por importe de 17.247,96 euros.
4 O cálculo da subvención que se solicita está fixado en función das táboas salariais dos laborais temporais recollidas no presuposto xeral municipal para o ano 2016 aprobado no Pleno da corporación na sesión que tivo lugar o 10 de decembro do 2015, e conforme este, o salario que se aboaría á traballadora é, importe mesual, o da seguinte táboa:

| Apelidos e nome AEDL | Titulación académica | Salario bruto mensual | G.C | CNA ocupación | Cotización Empresarial á SS. | Total salario+S.S mensual | Custo bruto anual | Subv. solicitada |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Ferreiro Sanín Mª Cruz | Psicoloxía clínica | 1.450,75 € | 1 | A | 465,69 € | 1.916,44 € | 22.997,28 € | 5.749,32 € |

5 Comunicar este acordo á Consellería de Economía, Emprego e Industria.

En Boqueixón, 21 de outubro de 2016
O alcalde

Ovidio Rodeiro Tato

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

## DECRETO:

Co fin de axilizar a tramitación dos expedientes administrativos e de acordo co establecido no artigo 12 da Lei 40/2015 de 2 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, que establece que a delegación da firma non alterará a competencia do órgano delegante e que nas resolucións e actos asinados por delegación farase constar esta circunstancia así como a autoridade de procedencia.

Polo exposto RESOLVO:

1. Delegar a sinatura de toda a documentación referente ó servizo de xestión de auga que se xere neste concello, no segundo tenente de alcalde, don Jesús Sanjuás Mera.
2. Comunicar esta resolución ao Sr. Sanjuás Mera e dar conta ó Pleno na primeira sesión que teña lugar.

Boqueixón, 25 de outubro do 2016

O alcalde,

Ovidio Rodeiro Tato

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – **Boqueixón**
Teléfono: **981- 51 31 06**
Fax: **981- 51 30 00**
C.I.F.: **P-1501200-H**
C. electr: **correo@boqueixon..es**

# DECRETO

Con data 25 de outubro de 2016, tivo entrada no Rexistro deste concello a solicitude de axuda no fogar, presentada por: **dona María** para a prestación do servizo, e unha vez leído o informe da traballadora social, no que valórase positivamente o acceso da usuaria ao servizo de axuda no fogar de forma temporal, en tanto se atope convalecente, cunha intensidade de 1 hora ao día de luns a venres, para os efectos de garantir o seu aseo e vestido diario en condicións de seguridade.

Tendo en conta que a próxima Xunta de Goberno non ten lugar ata o día 3 de novembro,

RESOLVO:

1. Avocar o coñecemento deste asunto.
2. Dar de alta no **servizo de axuda no fogar de forma temporal**, a dona María con DNI: veciña do lugar de parroquia de Lestedo, cunha intesidade horaria mensual 1 h/día de luns a venres.
3. Que recibirá prestacións indicas no informe da traballadora social e nas condicións que neste se estipula.
4. Que, de proceder taxa, será revisada anualmente segundo a variación económica beneficiario/a e custo salarial do servizo.
5. Notificar esta resolución o/a interesado/a

Boqueixón, 25 de outubro de 2016

O alcalde

Ovidio Rodeiro Tato

CONCELLO DE BOQUEIXÓN (A CORUÑA) ALCALDÍA

Teléfono: **981- 51 30 61**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

**Servizo de Contratación**

**RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

**Adxudicación do contrato elaboración de estratexias de sustentabilidade ambiental – Subvención Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental**

Na Xunta de Goberno do 6 de outubro de 2016, iniciouse a contratación para a asistencia técnica na elaboración de estratexias de sustentabilidade ambiental en materia de adaptación ó cambio climático dentro das políticas e a acción municipal. Invitáronse a 3 empresas especializadas nestes traballos a que presentasen as súas propostas e fixérono as seguintes:

- Soleira Ingeniería, SL
- Acivro Consultoría de Medio Ambiente, SL
- Zifra Ingeniería,SL

As empresas achegan as correspondentes ofertas, presentando os seguintes presupostos:

- Soleira Ingeniería, SL - presentan un presuposto por un importe de 6.425,00 €
- Acivro Consultoría de Medio Ambiente, SL - presentan un presuposto por un importe de 6.428,00 €
- Zifra Ingeniería,SL - presentan un presuposto por un importe de 6375,00 €.

No caso da empresa Zifra Ingeniería, SL, a oferta presentada é a máis ventaxosa en comparación cos que ofertaron por parte das outras empresas.

Á vista dos datos presentados, Resolvo

1 Adxudicar á empresa Zifra Ingeniería, SL o contrato para a elaboración de estratexias de sustentabilidade ambiental en materia de adaptación ó cambio

climático dentro das políticas e a acción municipal polo importe de 6.375,00 €, por prestar a oferta máis vantaxosa e debendo axustarse ó presuposto presentado con data 11 de outubro de 2016.

2 Comunicar esta resolución á empresa adxudicataria para que inicie os traballos da elaboración de estratexias de sustentabilidade ambiental, tendo que elaborar dita estratexía antes do 30 de novembro.

Boqueixón, 25 de outubro de 2016

O alcalde

CONCELLO DE BOQUEIXÓN (Coruña) ALCALDÍA

Ovidio Rodeiro Tato

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
C.P. 15881
(A CORUÑA)

Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H

DECRETO

1.- Con data 20 de xullo de 2016 foron contratados don José Olimpio Agrelo García e don Rubén Uzal Millán para a prestación de servizos como traballadores forestais encargados do manexo e actuación do vehículo motobomba (V.M.B.) en Convenio de colaboración subscrito coa Consellería do Medio Rual.

2.- Con data 1 de setembro de 2016 foi contradada dona Raquel Sánchez Mella para a prestación de servizos como Técnica-Axente de Turismo en base ao pgorama DP0029/2016 da Deputación da Coruña para a contratación de persoas para oficina de turismo a concello de 50.000 habitantes para o exercicio 20016

Ditos contratos tiñan previsto a data de finalización para o os da motobomba o 3 de novembro de 2016 e para a da oficiña de turismo o 10 de novembro de 2016.

Polo que,

RESOLVO

1.- Dar por finalizada a contratación de don José Olimpio Agrelo García e don Rubén Uzal Millán con data 3/11/2016 e de dona Raquel Sánchez Mella con data 10/11/2016

2.- Comunicar esta Resolución ó/ás propios/a traballadores/a.

Boqueixón, 26 de outubro de 2016

O alcalde

CONCELLO DE BOQUEIXÓN (A Coruña) ALCALDÍA

Ovidio Rodeiro Tato

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr.: correo@boqueixon.dicoruna.es
WEB: www.boqueixon.com

**DECRETO**

**Xustificación de subvención para o fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural.**

Esta entidade con data do 28 de marzo de 2016 presentou solicitude de axuda económica mediante a Resolución do 19 de febreiro de 2016, a Axencia de Turismo de Galicia, estableceu as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos para o apoio aos investimentos para uso público en infraestruturaa recreativa, información turística e infraestrutura turística a pequeña escala, mediante o fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (DOG. núm. 40, do 29 de febrero de 2016).

Que por resolución provisional da directora de Turismo de Galicia de 11 de agosto de 2016, de acordo co disposto na orde arriba indicada, de acordo co previsto no artigo 12.1 das bases reguladoras, acordouse conceder a ese concello unha subvención para o proxecto denominado "Mellora da accesibilidade e sinalización do Pico Sacro", por importe de 28.032,02 euros, segundo o detalle que se indica a continuación:

| Concepto | Orzamento subvencionable | Puntua-ción | Porcentaxe | Subvención proposta |
|---|---|---|---|---|
| Mellora da accesibilidade e sinalización do Pico Sacro | 37.376,03 € | 51 | 75% | 28.032,02 € |

Este proxecto foi modificado no seu momento, a raíz do informe enviado polo Ministerio de fomento sobre a non viabilidade de certas sinais que se proxectaran colocar, quedando excluídas no proxecto modificado cun importe total, ive incluído, de 43.794,03 €, asumindo o concello de Boqueixón a diferencia económica entre o custo total do proxecto, con ive incluído, e a axuda da Axencia de Turismo de Galicia.

Por resolución definitiva da directora de Turismo de Galicia de data 21 de setembro de 2016, cordouse manter as condicións económicas de concesión ó concello de Boqueixón da subvención para este proxecto e ampliar a data límite de xustificación dos investimentos ata o 31 de outubro de 2016.

Por todo isto, RESOLVO:

1.- Avocar o coñecemento e resolución deste asunto posto por motivos técnicos.

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr.: correo@boqueixon.dicoruna.es
WEB: www.boqueixon.com

2.- Aprobar a conta xustificativa da subvención destinada á "Mellora da accesibilidade e sinalización do Pico Sacro" concedida a esta entidade ó abeiro da Orde pola que se regulan os criterios de repartición e a convocatoria de subvención o apoio aos investimentos para uso público en infraestruturaa recreativa, información turística e infraestrutura turística a pequeña escala, mediante o fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural, conforme o artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia que incorpora:

- Que se cumpríu a finalidade para a cal foi concedida a subvención.
- Que tomouse razón en contabilidade do gasto correspondente á execución do proxecto "Mellora da accesibilidade e sinalización do Pico Sacro", establecendo a seguinte codificación para todas as transaccións realizadas a cargo de dita subvención:

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 2016 | 3 | ACESS | 1 | Mellora da accesibilidade e sinalización do Pico Sacro |

- Esta entidade non solicitou nin lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicita esta subvención, das distintas administración públicas competentes ou outros entes públicos.
- Esta entidade non esta incursa en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, número 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiaria dunha subvención.
- Aprobar e imputar os gastos totais soportados por esta entidade para esta actuación subvencionada que son os que se relacionan a continuación:

| ACREDOR | CONCEPTO | NÚM. FACTURA | IMPORTE CON IVE | DATA DE EMISIÓN | DATA DE RECOÑECEMENTO DA OBRIGA |
|---|---|---|---|---|---|
| Construcciones BoqueixónSL | Mellora accesibilidade e sinalización Pico Sacro | 12/2016-2016/1477 | 43.500€ | 27/10/2016 | 28/10/2016 |

- Que a contratación das obras, equipamentos ou servizos se realizou consonte a normativa de contratación do sector público
- Que se cumpríu o establecido nos artigos 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, especialmente que:
Se solicitaron e obtiveron como mínimo 3 ofertas de diferentes provedores:

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – Boqueixón
Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
C.I.F.: P-1501200-H
C. electr.: correo@boqueixon.dicoruna.es
WEB: www.boqueixon.com

| Rexistro entrada | Empresa | IMPORTE TOTAL |
|---|---|---|
| 16/2202 (07/10/16) | Construcciones Boqueixón, SL | 43.500,00 euros |
| 16/2203 (07/10/16) | Hnos. Couto Fandiño, SL | 43.560,00 euros |
| 16/2204 (07/10/16) | Excavaciones Ovidio, SL | 43.749,03 euros |

- A elección entre as ofertas recaeu na proposta máis vantaxosa:

| ADXUDICATARIO | NIF | IMPORTE SEN IVE | IVE 21% | IMPORTE TOTAL |
|---|---|---|---|---|
| Construcciones Boqueixón, SL | 33228142- L | 33.950,41 € | 7.549,59 € | 43.500,00 € |

3.- Aprobar a memoria sobre a actuación subvencionada segundo o requerido no artigo 19.1 das bases reguladoras da Orde citada anteriormente.

4.- Comunicar esta resolución á Axencia de Turismo de Galicia.

Boqueixón, 28 de outubro de 2016
O alcalde

CONCELLO DE BOQUEIXÓN (A Coruña) ALCALDÍA

Ovidio Rodeiro Tato

CONCELLO DE BOQUEIXÓN
(A CORUÑA)

Forte s/n – **Boqueixón**
Teléfono: **981- 51 30 61**
Fax: **981- 51 30 00**
C.I.F.: **P-1501200-H**
C. electr: **correo@boqueixon.es**
**www.boqueixon.es**

# DECRETO

En xunta de goberno celebrada o 22 de setembro de 2016, aprobouse o proxecto de "Mellora de accesibilidade e sinalización do Pico Sacro", cun importe de 43.749,03 € (I.V.E. incluído).

Con data 27 de setembro, a Axencia de Turismo de Galicia remite resolución onde se especifica o orzamento subvencionable sen I.V.E (37.376,03 €) que debe soportar o concello e a subvención que concede por importe de 28.032,02 €.

Por Decreto de data 7 de outubro, iniciase a contratación do citado proxecto sendo adxudicado o contrato da execución do proxecto denominado "Mellora de accesibilidade e sinalización do Pico Sacro", a Construcciones Boqueixón, S.L. no importe de 43.500,00 €.

Con data 14 de outubro de 2016, asínase a acta de comprobación de replanteo e posteriormente, con data 27 de outubro de 2016 emítese a correspondente **certificación nº 1 e final** da execución do referido proxecto.

Tendo en conta que, o prazo de xustificación ante a Axencia de Turismo finaliza o próximo día 31 deste mes de outubro, e tendo en conta, así mesmo, que esta alcaldía ten delegadas as súas competencias delegables na xunta de goberno, a cal non se celebrará ata o próximo día 3 de novembro, procede de acordo co establecido no artigo 10 da Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público, que esta alcaldía avoque o coñecemento deste asunto.

Por todo o cal, **resolvo:**

1. Avocar o coñecemento deste asunto.
2. Aprobar a certificación nº 1 e final da "Mellora de accesibilidade e sinalización do Pico Sacro" por importe de 43.500,00 €. Así mesmo, aprobar o pagamento da factura emitida polo mesmo concepto e importe.
3. Aboar á adxudicataria Construcciones Boqueixón os 43.500,00 €.
4. Remitir a documentación xustificativa correspondente á Axencia de Turismo de Galicia para que procedan co ingreso da axuda concedida.

Boqueixon, 28 de outubro de 2016

O alcalde

CONCELLO DE BOQUEIXÓN (A Coruña) ALCALDÍA

Ovidio Rodeiro Tato